A PEDRA DO ENCANTO

Os relatos das vellas pedras

Grupo de Innovación Docente
en Educación Patrimonial
Universidade Vigo

A PEDRA DO ENCANTO

Os relatos das vellas pedras

Exposición sobre a historia do conxunto de petróglifos do Salgueiral Vilar, Bamio, Vilagarcía de Arousa

Edición científica, autoría de textos e maquetación
Beatriz Comendador Rey
Grupo de Innovación Docente en Educación Patrimonial (GIDEP)
Universidade de Vigo

Debuxos
Víctor Vázquez Collazo

Colaboracións
Ateneo Mar de Arousa
Asociación Mulleres Rurais de Bamio
Félix González Insua
Iria López Baltar
Elena Cabrejas Domínguez
Vanesa Lago Somoza
Colectivo A Rula
Asociación TDAH Salnés
María Martínez Redondo

Edita
Grupo de Innovación Docente en Educación Patrimonial (GIDEP)
Universidade de Vigo

Email de contacto

gidep@uvigo.es

Impresión

Deimpresión

ISBN 978-84-17591-14-4

Grupo de Innovación Docente en Educación Patrimonial
Universidade de Vigo

Editado mediante unha axuda económica para a divulgación das actividades dos Grupos de Innovación Docente da Universidade de Vigo, convocatoria 2018

INTRODUCIÓN

A parroquia de San Xens de Bamio está situada na marxe sur do esteiro do Ulla, na ría de Arousa. Trátase dunha área periférica do núcleo urbano de Vilagarcía de Arousa, cunha paisaxe fortemente modificada nos derradeiros anos pola acción humana.

A riqueza patrimonial deste territorio está especialmente materializada na presenza dun núcleo excepcional de Arte Rupestre no lugar do Salgueiral, na aldea de Vilar, nos petróglifos coñecidos como a Laxe do Meadelo ou Pedra do Encanto, e Os Ballotes. Dende o ano 2011, a iniciativa da Asociación Ateneo Mar de Arousa de Vilagarcía de Arousa, en colaboración con investigadores da Universidade de Vigo e o Concello de Vilagarcía de Arousa, vimos desenvolvendo unha serie de eventos baixo o título de "Longa Noite de Pedras", encamiñados a difundir e protexer estes conxuntos.

A investigación sobre a arte rupestre conta cunha tradición longa en Galicia e algunhas das estacións de Vilagarcía figuran entre as primeiras atopadas e documentadas. Este é o caso deste conxunto de petróglifos, descubertos e visitados a principios do século XX por diversos investigadores ilustres. Debemos ao artista Enrique Campo Sobrino o primeiro debuxo da Laxe do Meadelo ou Pedra do Encanto, asinado en 1907.

Con motivo do 110 aniversario deste feito, no ano 2017 realizamos unha exposición efémera titulada "Os Relatos das Vellas Pedras", na que intentamos recoller as historias dos petróglifos do Salgueiral só no último século da súa milenaria biografía. Foi exposta na *Longa Noite de Pedras* celebrada no mes de agosto de 2017, na que contamos coa teatralización destas historias a cargo de rapaces e rapazas de Arousa, que interpretaron para os máis de 150 asistentes, as distintas personaxes desta historia dende o seu descubrimento.

Neste libriño recollemos o contido da exposición realizada, coa finalidade de que circule e sexa de utilidade en diferentes centros de ensino e para o interese xeral das comunidades, especialmente da contorna.

Agardamos que vos guste,

Ourense, setembro de 2018

1# NO ESTEIRO DE ULLA/RÍA DE AROUSA

No esteiro do río Ulla, na marxe sur da ría de Arousa, está o lugar chamado O Salgueiral, entre Outeiro e Vilar, na parroquia de Bamio (Vilagarcía de Arousa). Ao longo dos tempos as persoas que viviron ou pasaron por aquí foron deixando marcas na rocha, gravados tamén chamados **petróglifos**. Algúns limitaban as parroquias, ou incluso son marcas modernas. Pero outros foron feitos hai máis de catro mil anos, por comunidades prehistóricas e que deixaron esta testemuña do seu paso, xunto a outros restos do pasado. Deste xeito os pobos dotaron a este territorio de alma, ao vincular mitos e lendas que perduraron no imaxinario popular, moito máis que o acontecer cotián.

2# UNHA ARTE RUPESTRE

A investigación sobre a **arte rupestre** (feita sobre pedra) conta cunha longa tradición, figurando os conxuntos rupestres de Bamio entre os primeiros atopados e documentados en Galicia, aínda que se coñecen máis petróglifos a ambos lados da ría de Arousa.

Nos **Ballotes** están representados unha gran cantidade de **animais de diferentes estilos**, entre os que destacan os cervos machos de grandes cornamentas e os cabalos. Na **Pedra do Encanto ou Laxe do Meadelo** destacan os **motivos xeométricos curvilíneos** moi complexos.

Non son manifestacións illadas e sen coherencia entre elas, senón que conxuntamente conforman un extraordinario conxunto de arte rupestre, singular no marco doutros países do arco atlántico como Portugal, Francia ou Reino Unido.

3# NO SALGUEIRAL



As comunidades que viviron por aquí nos últimos séculos chamáronlle a este lugar **O Salgueiral**, un **topónimo** que alude á presenza de salgueiros, unha árbore propia de lugares húmidos que sería a vexetación dominante neses tempos. Tamén pasaban por aquí as mulleres de Bamio a lavar a roupa a un pequeno **rego**, e como non, a contar historias.

Este recanto ten mudado moito nos últimos séculos, pero na beira sur do camiño de ferro cara ao mar, aínda atopamos algún salgueiro.

4# A TORRE DO MEADELO



CARRIL Y SUS ALREDEDORES

Yerguese entre las ramas de los árboles cual figura esquelética, las ruinas de la famosa torre do "Miadelo" que según la leyenda popular, fué la antigua morada de las razas que poblaron este territorio.

Es aquí donde las chavalas, van con sus novios, a pasar esas tardes deliciosas en busca de los

Manuel Barreiro Reirís,
EL Pueblo Gallego, 22 de xullo de 1933



Deseño inédito da planta das ruínas da Torre do Meadelo da autoría de Vicente Caramés e Manuel Alfonsín Soliño

Ruínas da Torre do Meadelo ou Miradelos

As ruínas da chamada Torre do Meadelo ou Miradelos estaban detrás do actual lugar da gasolineira do Salgueiral. Era unha **torre defensiva** semellante a outras construídas ao longo de toda a ría, especialmente para protexer a entrada de xentes alleas chegadas dende o mar. Torres como as do Oeste en Catoira, a de San Sadurniño en Cambados, a da Lanzada, ou mesmo no propio concello de Vilagarcía, como a de Cortegada ou posiblemente "A Torre". Como podemos ver nos xornais da época, a presenza destas ruínas ata principios de século XX, dá lugar a diversas **lendas e historias de encantos, tesouros e túneles** que comunican o lugar co **monte Lobeira** e outros puntos da paisaxe.

5# OS CAMIÑOS POR TERRA E POR MAR

O camiño vello pola capela dos Anxos, Carril

Antiga estrada de Vilagarcía a Cesures, polo Salgueiral. Fotografía de F. Bouza Brey en 1927

Alén da importancia dos camiños do mar, por terra pasaron por aquí diversos camiños vellos, xa que esta é unha importante zona de paso. A pé ou en carro ía e viña a xente polo **Camiño Real,** que pasaba por Guillán e Bamio. En 1861 comezaron as obras da **liña do ferrocarril**, que foi inaugurada en 1873, e que marcou a fisionomía da parroquia para sempre. E en 1914 comezaron a construír a vella **estrada** de Vilagarcía a Cesures. A nova estrada veu despois, e tamén a variante de Vilagarcía de Arousa, que alterou finalmente a contorna da Torre do Meadelo e O Salgueiral, deixando cortados aqueles camiños históricos.

6# ENRIQUE CAMPO E A EXPO DE 1909

La Ilustración Gallega y Americana, 1909



En 1907 apareceu polo Salgueiral un grande artista chamado Enrique Campo Sobrino. Viña para debuxar unha pedra gravada da que lle falaran, situada en Carril cerca da Torre do Meadelo. Neste debuxo non só representou os gravados que tiña, senón que podemos ver claramente as marcas de canteiro dispostas para partir a pedra, xa que estaba situada no lugar por onde ía a pasar a vella estrada de Vilagarcía a Catoira.

Este retrato da Pedra do Encanto foi presentado na **Exposición Rexional de Santiago de Compostela de 1909**, xunto con algún dos **debuxos dos petróglifos** máis importantes de Galicia.

7# JUAN FERNÁNDEZ GIL Y CASAL 1914



Despois de presentada A Pedra Grande do Meadelo en Santiago, un erudito local, Juan Fernández Gil y Casal, **cronista** da vila e **correspondente** da Real Academia Galega, comezou a interesarse por esta pedra e outros restos da vila, cos que realizou o **primeiro mapa arqueolóxico de Vilagarcía**, publicado, xunto cos apuntes da pedra, en 1916.

Segundo conta, para estudar os motivos achegouse ao Salgueiral no solpor nos días de outono, e así durante moitos anos, nos que foi copiando a súa versión dos gravados e tamén as mutilacións sufridas por aquela pedra ameazada. Os xornais de 1914 fanse eco dos esforzos deste arqueólogo por facer variar o trazado da estrada a Cesures, tratando de **evitar a súa destrución**.

8# FERMIN BOUZA BREY 1927

Os Ballotes en 1927. Fotografia de F. Bouza Brey

Unha foto de Valle-Inclán no petróglifo de A Laxe das Cabras, en Ribeira, indica o interese entre os intelectuais pola nacente arte rupestre

Fermín Bouza Brey, unha das figuras máis importantes da **arqueoloxía e etnografía galega**, chegou un día polo Salgueiral coa súa cámara fotográfica. Nacera en Ponteareas, pero a súa infancia transcorreu en Vilagarcía de Arousa. Estudou os petróglifos de Bamio e deu a coñecer o petróglifo de Meán (Bouza da Torre) na **revista *Nós***, na que publicaban diversos intelectuais da época.

En 1927 publicou o que é **o primeiro estudo específico sobre Os Ballotes e O Meadelo**.

Un exemplar orixinal deste traballo, conservado na Universidade de Santiago, fora dedicado por Bouza Brey a **Castelao** con "fonda devoción".

Os traballos de Fermín Bouza Brey e Florentino López Cuevillas teñen a súa guinda nos anos 30 coa publicación do *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* (Corpus de Petróglifos de Galicia), de R. Sobrino Buhigas, escrito en latín co obxectivo de dalos a coñecer por toda Europa.

9# AS LENDAS

Ola de louza dos alfares de Bamio

Os traballos de Fermín Bouza Brey recolleron aos relatos das vellas pedras do Salgueiral. **Lendas de mouras, de serpes e de tesouros míticos** que se contaban e incluso se recollían nos xornais da época, como a lenda do tesouro do Meadelo, expresada no cantar "*Ola de ouro, ola de prata, ola de veleno que mata*".

Pero tamén chamou a atención sobre as amezas a este conxunto. **Escribiu en 1927**: «*un notable conjunto de figuras de variada especie y cuyo estudio hácese necesario, por estar amenazada de una próxima destrucción a causa del punible abandono en que se dejan todos estos monumentos. El principal elemento destructor lo constituyen los* ***canteros****, que arrancando piedras para construcciones vecinas, las han atacado en varias ocasiones. Actualmente están en explotación varias lajas del agrupamiento de los Ballotes a pocos centímetros de las insculturas....*»

10 #A VISITA DE RAMÓN SOBRINO 1951

Ramón Sobrino Lorenzo Ruza, un dos grandes **especialistas** galegos en **arte rupestre**, pasou por aquí para facer os seus sistemáticos estudos. Escribe no seu diario:

*3 de junio de **1951**. Voy a Ballotes y Meadelos. El zapatero que vive y trabaja frente a la 2ª piedra me facilita cepillos, sosa y calderos de agua. Se limpia la pena, se lava y en vista de lo bien que se ven los motivos, saco fotografías*

Grazas ao traballo de dixitalización do **Fondo RSLR do Arquivo Sobrino-Núñez**, que están realizando dende o ***Colectivo a Rula*** para recuperar estas imaxes, temos a oportunidade de ver algunhas das fotos inéditas realizadas aqueles días, onde aparecen meniños da **veciñanza de Bamio**.

Alguén os coñece?...

11 #A VISITA DO “ROMANO” ANOS 60

Os Ballotes fotografados por E. Anati

Juanita Jamardo (†), veciña dos Ballotes, coñeceu a moitas das grandes personalidades da arte rupestre, que foron pasando por diante da súa casa chegadas de medio mundo, para ver estes famosos petróglifos.

Contaba da visita dun señor que falaba italiano, que ela chama “o romano”, e que resultou ser o profesor Emmanuel Anati, fundador e director do *Centro Camuno de Estudos Prehistóricos* no norte de Italia, quen visitou Galicia nos anos 60, e que tamén pasou polo Salgueiral para incluír estes gravados nos seus **estudos de ampla proxección internacional**.

12# MONUMENTO NACIONAL (1975)

B. O. del E.—Núm. 59 10 marzo 1975 4949

DISPONGO:

Artículo primero.—Se declaran monumentos histórico-artísticos de carácter nacional los grabados rupestres existentes en la provincia de Pontevedra, que a continuación se relacionan:

Ayuntamiento de Villagarcía de Arosa

Santa Eulalia de Afora de Arealonga:

Ciento ochenta y seis.—Trabanca da Torre: «Monte y Piedra de Meán».

San Ginés de Bamio:

Ciento ochenta y siete.—«Os Ballotas, Torre dos Meadelos».

Artículo segundo.—La tutela de estos monumentos que quedan bajo la protección del Estado será ejercida a través de la Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural por el Ministerio de Educación y Ciencia, el cual queda facultado para dictar cuantas disposiciones sean necesarias para el mejor desarrollo y ejecución del presente Decreto.

Así lo dispongo por el presente Decreto, dado en Madrid a veinte de diciembre de mil novecientos setenta y cuatro.

FRANCISCO FRANCO

En **1975**, o conxunto de petróglifos de Os Ballotes e Torre dos Meadelos, xunto con outros galegos, foron declarados oficialmente **monumento histórico-artístico de carácter nacional** (Decreto 3741/1974, 20-12-1975, *Boletín Oficial del Estado*, nº 59). É o primeiro momento no que **son sinalizados**, e se constrúe un **peche** ao redor do conxunto principal dos Ballotes.

Nesta década, Antonio de la Peña, investigador do Grupo García Alén vinculado ao Museo de Pontevedra, realiza un conxunto de calcos que foron publicados no libro referencial *Grabados Rupestres de la Provincia de Pontevedra* en 1976.

13# DESLEIXO E DETERIORO

Arousa

Viernes, 28 de diciembre del 2007

Os petróglifos de Vilagarcía en perigo

Conxuntos como os de O Meadelo e Os Ballotes foron dos primeiros en ser estudados en Galicia. Hoxe parte deles están destruídos e rodeados por máis lixo ca información

ANÁLISE
Beatriz Comendador | Profesora asociada de Prehistoria Univ. de Vigo

fos de O Meadelo e Os Ballotes (O Salgueiral, San Xinés de Bamio), visitados a principios de

Arousa

El departamento tramita tres procedimientos por obras en Vista Alegre, Os Ballotes y un edificio en Rey Daviña

Cultura expedienta a Ravella por dar licencias sin informe de Patrimonio

O xacemento de Xiabre xustifica un parque de arte rupestre

La Voz de Galicia | Domingo, 7 de abril del 2013 | AROUSA | L5

Asignatura pendiente de 5.000 años

Los petroglifos de Os Ballotes agonizan desaprovechados e ignorados por el gran público

SERGIO GONZÁLEZ
VILAGARCÍA / LA VOZ

En la última novela de Eduardo Mendoza, un petrucio chino reflexiona a la sombra del bazar de uno de sus hijos. Sin pasado ni futuro todo es presente, razona el hombre para apiadarse de quien carece tanto de antepasados como de descendientes. Vilagarcía, la ría de Arousa, Galicia en general, no tienen de qué preocuparse por lo que respecta al primero de estos aspectos. De lo poco bueno que puede extraerse de la existencia de la Cidade da Cultura es la exposición que acaba de echar el cierre entre los muros de delirio que componen el Gaiás. Habría que ser un témpano para recorrer *Galiaecia Perea*, una semblanza de la prolongada y fundacional relación de este país con la piedra, sin sentir un indefinible pero profundo y antiguo orgullo. El mismo que cualquier mente mínimamente sensible acaricia

así, la mejor de las protecciones: la que otorgan el conocimiento de su existencia y el aprecio de los descendientes de quienes los crearon y conviven hoy con ellos. No de los canes que ladran a un paso, tampoco de las ovejas que pacen tranquilamente a su alrededor. Y que, por cierto, más que dañar el conjunto contribuyen a despejarlo. El colectivo ha puesto precio a su empeño: 30.000 euros que solicita a la Diputación de Pontevedra.

Crear futuro sobre el pasado

Con la cabeza despejada, la inversión se antoja bastante más rentable que traer de nuevo a Alaska a los escenarios de la capital arousana, además de más barata. La única intervención de alcance experimentada por los petroglifos de Os Ballotes y la Pedra do Encanto —al margen del estudio de 1927 realizado por Fermín Bouza Brey y las visitas de investigadores como el alemán Hugo Obermaier y el

El descuido de los yacimientos de Bamio dificulta la observación de sus milenarios grabados. KRISTINA MISER

Pero dende os anos oitenta, o conxunto e a súa contorna comezan un proceso de **esquecemento e abandono** que acelera o seu deterioro, o que pon a súa preservación en grave risco. Algúns gravados incluso son destruídos pola falta de control durante a realización de obras nas proximidades.

A localización de **novos petróglifos** na zona da **Capela dos Anxos,** así como dun **importante conxunto** no nacemento do **río Salgueiro** na, zona alta do **monte Xiabre**, con motivo da instalación de aeroxeneradores, xunto con esta situación de abandono do Salgueiral, promoven as **denuncias** de diversos especialistas, que sinalan tanto o **potencial educativo e cultural** destes recursos como a necesidade de dalos a coñecer ás comunidades locais, indicando **exemplos de boa xestión dos mesmos por toda Europa**.

En 2006 nace o blog "A Pedra do Encanto", coa finalidade de dar a coñecer os recursos arqueolóxicos de Vilagarcía de Arousa e a súa paisaxe.

14 #INTERVENCIÓN NO 2009

10 VILAGARCÍA LOCAL

PATRIMONIO

El conjunto petroglífico de Os Ballotes tiene más figuras de las que los expertos conocían

El Concello trabaja en su catalogación para conocer el valor real de este grupo arqueológico

Los trabajos de catalogación de los petroglifos de Os Ballotes, en Bamio, han deparado en su comienzo que en la zona existen más figuras prehistóricas de las que se habían registrado hasta la fecha. Ayer, las dos técnicos encargadas del proyecto, recibieron la visita del edil Marcelino Abuín.

DAMIÁN PEREIRA VILAGARCÍA

■ El responsable de Sección de Territorio vilagarciano, Marcelino Abuín, destacó que "cuando sepamos a qué nos enfrentamos realmente en Bamio estudiaremos las posibilidades que el Concello puede aplicar" para dar a conocer este conjunto artístico prehistórico.

Y es que desde el comienzo de sus trabajos, la restauradora Iria López y la arqueóloga Elena Cabrejas, han descubierto que los petroglifos de Os Ballotes van más



No ano 2009 o Concello de Vilagarcía promoveu un proxecto co fin de **documentar** a totalidade dos xacementos atopados en terreos de propiedade municipal ou en pequenas áreas particulares abertas e accesibles, para de seguido proceder á **lectura, interpretación e rexistro dos petróglifos localizado**s, en ocasións mediante calco sobre plástico, así como a **análise, control e proposta de tratamento** das principais patoloxías pétreas e axentes de alteración. Foi desenvolvido por un equipo multidisciplinar dirixido e coordinado pola restauradora e conservadora Iria López Baltar e a arqueóloga Elena Cabrejas. Para a realización deste traballo contouse coa asistencia científica e técnica do Laboratorio do Patrimonio IEGPS-CSIC e tamén co asesoramento da Universidade de Vigo.

En total **foron atopados 7 xacementos conformados por un total de 15 rochas**. Asemade realizáronse os calcos dos 3 petróglifos máis representativos da zona e/ou con evidencias de alteracións máis acusadas.

15 #O INTERESE SOCIAL E A ACCIÓN CIDADÁ

Dende o ano 2011, a iniciativa do ***Ateneo Mar de Arousa***, e coa colaboración de **investigadores** do *Grupo de Estudios de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da* **Universidade de Vigo**, deron comezo diversas **actividades de difusión**, que foron materializadas cada verán nos eventos titulados "**Longa Noite de Pedras"**. Nestas actividades de carácter divulgativo, celebradas durante o mes de agosto, durante as festas de San Roque, a afluencia de público foi sempre destacada e en paulatino aumento.

No 2016 e 2017 desenvolveuse conxuntamente en colaboración coa **Asociación de Mulleres Rurais de Bamio** e coa colaboración doutras asociacións da comarca, tamén no traballo de recuperación da tradición oleira secular da parroquia, dentro do proxecto **Louceiros de Bamio**.

16 #NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS



Vilagarcía saca brillo al patrimonio milenario de los petroglifos de Bamio

Ravella impulsará la primera excavación arqueológica de la historia de Os Ballotes

Nas recentes intervencións realizadas no ano 2017, promovidas polo Concello de Vilagarcía e executadas pola empresa A Citania, foron empregadas **novas metodoloxías** para o estudo dos gravados prehistóricos, que permitiron a localización de novos petróglifos non visibles a simple vista nas rochas coñecidas. Tamén a limpeza dos entullos acumulados por riba dalgunhas rochas, permitiu **a localización de novos motivos inéditos**. Ambos aspectos permiten intuír o **enorme potencial de investigación** que aínda teñen estes conxuntos referenciais da arte rupestre galega e que, a pesares de ter unha dilatada biografía, poderían dar aínda nova e importante información.

17 #AMEAZAS

Efectos dos incendios nos petróglifos do Xiabre

A parroquia de Bamio está emprazada nun lugar altamente turístico e ben comunicado, aínda que tradicionalmente se potenciou o **modelo turístico de sol, praia... e marisco**.

Os petróglifos do Salgueiral, nun ámbito urbano, reciben asiduamente **visitantes**, ás veces **desorientados**, que precisan información para saber cando visitalos e interpretalos. Moitas veces a frustración de non velos ben lévaos a riscar ou pintar sobre as pedras, o que provoca o seu **deterioro** grave. Por outra banda, a **presión urbanística** sobre a zona, a acumulación de entullo e lixo na contorna e a incorrecta **xestión forestal**, poden ser algúns dos elementos que ameazan o futuro destes recursos.

Non so se trata dunha cuestión arqueolóxica, senón mesmo de preguntarnos que tipo de turismo queremos e decidir sobre a **xestión** do noso **territorio** e dos nosos fráxiles **recursos**.

A PEDRA DO ENCANTO

As imaxes das vellas pedras

Presentamos unha escolma de **imaxes** dos petróglifos do Salgueiral, concretamente dos conxuntos de Os Ballotes e A Pedra do Encanto, estudados, debuxados e fotografados con distintas técnicas ao longo de máis dun século.

Aínda que levan tanto tempo sendo visitados, cada novo estudo aporta novas sorpresas, novos gravados que non se coñecían, ou novos detalles que aparecen (ou desaparecen).

Por iso novos estudos e máis completos son importantes porque poden dar novas e valiosas informacións para coñecelos, valoralos e preservalos.

1# OS BALLOTES. DESEÑO DE GIL Y CASAL (1916)



2# OS BALLOTES. DESEÑO DE FERMÍN BOUZA BREY (1927)



3# OS BALLOTES. FOTOGRAFÍA DE RAMON SOBRINO LORENZO (1950)

Fondo RSLR do Arquivo Sobrino-Núñez. Dixitalización Colectivo A Rula

4# OS BALLOTES. FOTOGRAFÍA DE E. ANATI (1964)



Xinete de Os Ballotes, segundo Anati (1964)

5# OS BALLOTES. CALCO DE ANTONIO DE LA PEÑA (1978)



6# GRUPO PRINCIPAL DE OS BALLOTES/CALCO (2009)



Rexistro e diagnose dos petróglifos de Ballotes e Meadelo (Vilagarcía de Arousa). Memoria Tecnica 2009
Iria López Baltar & Elena Cabrejas Domínguez 2010

7# EVOLUCIÓN DAS TÉCNICAS



Debuxo de F. Bouza Brey 1927

Procesado para calco en 2009, López e Cabrejas 2010



Calco realizado por A. de la Peña, 1978

Modelo fotogramétrico realizado por A Citania, 2017

8# PEDRA DO ENCANTO. DEBUXO DE ENRIQUE CAMPO (1907)

Debuxo presentado na Exposición Regional de Santiago de Compostela en 1909

9# PEDRA DO ENCANTO

DEBUXO DE GIL Y CASAL (1916)



FIG. 3.—GRAN PIEDRA DEL MEADELO.

Las líneas rectas indican los cortes que ha sufrido.

Nota.—Para copiar estas esculturas, muchas de ellas casi imperceptibles, hemos tenido que aprovechar las puestas del sol en el otoño y repetir nuestra observación durante muchos años y para salvarlas hacer variar el trazado de una carretera.

DEBUXO DE FERMÍN BOUZA BREY (1927)



10# PEDRA DO ENCANTO. CALCO DE A. DE LA PEÑA (1978)



A. García Alén e A. de la Peña (1978)

11# PEDRA DO ENCANTO/CALCO 2009

Rexistro e diagnose dos petróglifos de Ballotes e Meadelo (Vilagarcía de Arousa). Memoria Tecnica 2009
Iria López Baltar & Elena Cabrejas Domínguez 2010

12# PEDRA DO ENCANTO. FOTOGRAFÍA DE RAMON SOBRINO LORENZO (1951)

Fondo RSLR do Arquivo Sobrino-Núñez. Dixitalización Colectivo A Rula

13# PEDRA DO ENCANTO. FOTOGRAFÍAS DE RAMON SOBRINO LORENZO (1951)

Fondo RSLR do Arquivo Sobrino-Núñez. Dixitalización Colectivo A Rula

14# PEDRA DO ENCANTO. FOTOGRAFÍA DE R. SOBRINO LORENZO (1951)

Fondo RSLR do Arquivo Sobrino-Núñez. Dixitalización Colectivo A Rula

Para coñecer máis:

ABUÍN DURO, M. 1997: *Paisaxe Mítica de Arousa*. Concello de Vilagarcía de Arousa.

BOUZA BREY, F. 1927a: "Notas de arqueoloxía e floklore arousáns: Monte e Pedra de Mean". *Nós*, 39: 13 14.

BOUZA BREY, F. 1927b: "Una estación de arte rupestre en las márgenes de la Ría de Arousa". *Actas y Memorias de la Sociedad Española de Antropología, Etnografía y Prehistoria*. Madrid.

CABREJAS DOMÍNGUEZ, E. SEOANE VEIGA, Y. y VARELA POUSA, R. 2008. "A descoberta dos petroglifos da bacía do río Salgueiro no monte Xiabre. Documentación e rexistro", *El Museo de Pontevedra*, 62: 11-28.

FERNANDEZ GIL Y CASAL, J. 1916. "Apuntes arqueológicos". *Boletín de la Real Academia Gallega*, LXVIII: 29-46.

FERNANDEZ GIL Y CASAL, J. 1921: "De Arqueología para la Historia Local". *Galicia Nueva*, 29 de Octubre de 1921.

GONZÁLEZ INSUA, F. 2013: "Aproximación a la distribución espacial de sitios arqueológicos de la Prehistoria Reciente en la Ría de Arousa (Pontevedra)". *Gallaecia*, 32: 129-167.

GONZÁLEZ INSUA, F. Y COMENDADOR REY, B. 2013: "Contexto geográfico y arqueológico de Monte Lobeira". En López Rompero, E. y Mañana Borrazás, P. (Coords.): *El círculo lítico de Monte Lobeira (Vilanova de Arousa, Pontevedra). Trabajos de 2008 y 2010. Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio (CAPA)*, 34. Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT-CSIC). Santiago de Compostela: 9-21.

GARCÍA ALÉN A. y PEÑA SANTOS, A. 1981: *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. Fundación Barrié de la Maza.

LÓPEZ BALTAR, I. Y CABREJAS DOMINGUEZ, E. 2010: *Rexistro e diagnose dos petróglifos de Ballotes e Meadelo (Vilagarcía de Arousa)*. Memoria Técnica.

OBERMAIER, H. 1923 26: "Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, VII, nº 148: 1 21.

PEÑA SANTOS, A. de 1976: "Antropomorfos en el arte rupestre prehistórico gallego". *El Museo de Pontevedra*, XXX: 143 173.

VÁZQUEZ ROZAS, R. 1997: *Petroglifos de las Rías Baixas Gallegas. Análisis artístico de un arte prehistórico*. Diputación Provincial. Pontevedra.

O FUTURO

As historias que contan as vellas pedras non falan só de nós, **falan de vós**, do voso pasado e do voso futuro. Falan das cousas que todos compartides. Esas cousas adoitan considerarse invisibles ou de pouca importancia, pero son esenciais.

Sodes vós os que debedes decidir que legado queredes deixar para o futuro... se queredes partir ao encontro do mañá sabendo quen sodes e de onde vides, ou se preferides perder a **memoria social** do que sodes e vos fai especiais, nese alzheimer colectivo da desmemoria.

A PEDRA QUE PERDEU O ENCANTO...

Os relatos das vellas pedras din que noutrora fun unha **pedra encantada**. Como contou un veciño de Bamio, din que non podían partirme, porque tiña "un poder".

Hoxe estou soa e esquecida ao carón dunha estrada e rodeada de lixo.... Para algúns son un monumento, para outros unha molestia, outros din que non vallo nada e outros simplemente me ignoran.

O meu único "poder" é só contarvos estes relatos para que pensedes se son só unha pedra partida ao carón dun camiño, ou se son algo máis. Porque vós sodes os únicos que podedes **devolverme o encanto** que xa perdín...

PERDEU O ENCANTO...OU NON...

... Ou non...?

ISBN 978-84-17591-14-4

9 788417 591144